

O racismo lingüístico aumenta en Europa, segundo a Axencia para as línguas minorizadas e a desculpa de George Steiner non mellora as cousas

A serpe de Steiner traía cola



XABIER CORDAL


As famosas declaracions que sobre a lingua e a literatura galegas profiriu o critico George Steiner nunha entrevista ao diario *El País* serviron para activar o debate, especialmente intenso na rede, verbo da xestión das letras nacionais. A importancia do blogomillo literario, e non só no que toca ao debate de actualidade, medra día a día; foi precisamente nunha conversa que tifou lugar na páxina de referencia *O levantador de minas* onde a aguda intervención do profesor Arturo Casas quixo ir alén do malestar que producira aquel exabrupto. Partindo das impresións de Casas, publicadas tamén en GALICIA HOXE, a polémica reavivou con maior produtividade: cumpría, dixose, un remedio para o escaso peso da nosa literatura no contexto internacional.

Moi poucas columnas se resistiron a comentar, mesmo que fose en alusións irónicas, a entrevista de Juan Cruz a Steiner. No entanto, superada a fase reactiva e xusto cuando se perfilaba algúm consenso para responder a complexa cuestión da invisibilidade que sofrén as literaturas marginalizadas polo mercado cultural, o director da *Relacións Institucionais* do Grupo Prisa, Basilio Baltasar, tomou parte na polémica. Como resposta á –para moitos– visceral reacción do PEN Clube Galego, Baltasar publicou un artigo no xornal que espallara a *boutade* de Steiner.

Desde a latitud da ditadura ao mercado

Durante corenta anos as nosas letras tiveron abondo con apoñer á barbarie española unha vontade e unha calidade absolutamente inesperadas. Era un luxo perigoso facer preguntas en público sobre a orixe do abismo que mediaba entre as literaturas estatais e a nosa. A descentralización do Estado no inicio dos setenta foi mudando timidamente a persecución polo reconhecemento institucional. O feito innegable de que as circunstancias cambiaron xulgouse desde algúna óptica como o primeiro paso da normalización. Sobrestimábase, sen dúbida, a capacidade que ten un goberno autónomo á hora de promover as artes e as letras do seu país.

Tampouco contribuíron precisamente á normalidade a escenificación baleira e ritualística con que a Xunta abordou a literatura durante dezaseis longos anos de hexemonia conservadora, nin a indiferenza ante a propia cultura por parte



George Steiner foi Premio Príncipe de Asturias de comunicación e humanidades no ano 2001

de amplos sectores da poboación, nin a continua falta de sensibilidade do Estado cara ás outras literaturas que se suponían españolas. Todas esas dificultades e algúna más atoparon as letras galegas de hoxe, e a ditadura do mercado trouxo o lugar da censura directa que funcionara ata 1977.

Cadrouse así e todo na inutilidade de que os axentes do sistema literario se dedicases apenas, durante os últimos tres decenios, a constatar unha e outra vez cada limitación. Con matices que non semellan precisamente anecdóticos, o certo foi que se ergueron infraestruturas para a creación e a distribución, que a lingua entrou no ensino e na universidade e que a literatura acabou mostrando unha forza inédita desde a época medieval.

Existe o convencemento de que segue faltando planificación. A literatura galega continúa sendo un puntiño á deriva nos mares internacionais. Aseguraba hai unhas semanas Bieito Iglesias na revista *Protexta* que incluso literaturas con

COMUNICADO ENVIADO AO PEN CLUB GALEGO

O lingüista escúsase a través de Juan Cruz

Ante a morea de críticas que provocou, o filósofo e lingüista George Steiner pediuelle "desculpas" ao PEN Club de Galicia polas súas declaracions sobre o idioma galego, unhas declaracions que cualifica de "comentario irreflexivo". Steiner sinalou nunha entrevista incluída en *El País Semanal* o pasado 24 de agosto que "o catalán é un idioma importante, cunha literatura impresionante. Pero o galego, por que ha de ser obligatorio nunha universalidade?".

Estas declaracions foron obxecto de moitas críticas en Galicia desde todos os sectores da sociedade e o PEN Club esixiu unha desculpa. Nunha breve mensaxe enviada a

xornalista Juan Cruz, autor da entrevista, que este á súa vez lle remitiu ao PEN Club galego. Steiner sinala que como demostrou o seu libro *Logo de Babel*, é un "apaixonado defensor das linguis e das literaturas minoritarias". "O meu comentario irreflexivo foi unha resposta ó chauvinismo rexional que ameaza agora a unidade de España. Pido as miñas más sinceras desculpas", conclúe Steiner.

A resposta, reproducida xa na súa edición de onte por *El País*, non menta outras manifestacións de contrariedade, como a expresada –con antelación ao PEN– a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Estado como a portuguesa estaban sometidas á mesma trama comercial con sede en Madrid e Barcelona. En calquera caso apálpase decepción tras máis de mil días de goberno formalmente progresista e nacionalista. Continúase percibindo un grave desaxuste entre os esforzos que seguén facendo da literatura galega, xunto coa música, o emblema creativo do noso país, e a resposta institucional (tamén a privada).

Con todo, esa lucidez que trata de evitar o vitimismo paralizante vai xa afeita a volver dun sopapo á realidade colonial. Pouco depois de que –non se sabe con que díñeiro– a Asociación de Escritores en Lingua Galega pretendese guiar a Steiner no coñecemento da nosa lingua e da nosa literatura, irrompeu o artigo de B. Baltasar (*El furor intransigente de los clérigos*) con iracundos ideoloxemas que semellan darlle algúna razón a quien relacionou a publicidade do desprezo de Steiner –non tanto as súas palabras, unha triste anécdota– co ambiente que se vén tensando hai meses en defensa dos privilexios da lingua española.

Asegura Baltasar: "Lo típicamente español [refírese ao Pen Club Galego] es la habilidad con que se concilia la ferocidad intelectual y la benévola apariencia del protector de las artes y las letras. Entre nosotros no es imposible proclamar libertad y tramatar censura. Ensalar a las lenguas y maltratar a sus

**A DESCENTRALIZACIÓN
FOI MUDANDO
TIMIDAMENTE A
PERSECUCIÓN**

idiomas". E ainda continua: "Los galleguistas podrían haber aprovechado (...) para plantear una controversia que sin duda nos habría ayudado a conocer mejor los logros de la literatura gallega. Pero en lugar de asumir el riesgo de la disputa, los autores del manifiesto han preferido dictar un anatema y renovar el más español de los impulsos".

En realidade aquí ningún duvida de que a disputa literaria, dependendo de quen goberne, é unha práctica de risco. Non hai tanto que se un tomaba partido pola literatura galega remataba na fosa común. Se cadra os dispositivos culturais afins ao Partido Socialista deben decidir entre compartir belixeirancia coa prensa da reacción ou apoiar a promesa de Touriño dun Instituto Rosalía de Castro para divulgar internacionalmente o idioma e a literatura de Galicia. Mientras a intelixencia do país discute por Internet e os Baltasar de quenda cren ver no Outro, con exactitud de freudiana, o monstruo identitario español, a Axencia Europea para as Línguas Minorizadas acaba de lembrarnos que o racismo lingüístico medra en toda Europa. Non mellora demasiado as cousas que Steiner, na súa rectificación, aproveite para denunciar "o chauvinismo rexional". •